

DEUTCHLAND

LISTAXE DE SELECCIONADOS POR ALEMAÑA

Hertha Heidelbergensis:

- 1 - Marina Bundschuh
- 2 - Verena Hankel
- 3 - Denis Zheryakov
- 4 - Daniela Nerger
- 5 - Fabienne Zehetner

Borussia Kielensis:

- 6 - Beke Sinjen
- 7 - Rosa Wohlers
- 8 - Christian Zimmer
- 9 - Anais Kindermann
- 10 - Liliana Dispert
- 11 - Meike Jess

Eintrach Berlinensis:

- 12 - Bernhard Laugallies
- 13 - Livia Romero Walter
- 14 - Chantal Oliver
- 15 - Sophie Kubisch

Seleccionador:

Aitor Rivas

CIDADES DE PROCEDENCIA DA DELEGACIÓN ALEMÁ

54°19'60"N 10°07'60"E

Kiel, o Vigo do norte

Kiel é a capital do estado federal de Schleswig-Holstein, o máis norteño de Alemaña. Situada á beira do mar Báltico, a cidade foi unha das principais bases navais alemás dende a década de 1860.

A cidade foi case completamente destruída durante a Segunda Guerra Mundial, por iso a maioría dos edificios son novos e danlle unha imaxe industrial á cidade.

A Canle de Kiel (Nord-Ostsee-Kanal en alemán), de 45 m. de largura e 14 m. de profundidade, percorre 96 km. dende Kiel até a desembocadura do río Elba.

A cidade ten os estaleiros máis grandes do país, entre os que destaca o Howaldtswerke-

Deutsche Werft, que fabrica os máis modernos submarinos **NON** nucleares do mundo. Como é o caso do Submarino U31, o primeiro do mundo con células de combustíbel.

Kiel non é de señoritos, é de curritos.

Kiel non é de terra, é de mar.

Kiel non é do patrón, é dos traballadores e traballadoras.

Kiel non é elegante, é bravú!

<http://pt.wikipedia.org/wiki/Kiel>

52°31'07"N 13°24'30"E

Berlín, a cidade mundial

Non ten comparanza con ningunha outra cidade do mundo.

O muro, o Leste e o Oeste. Todo é grande, todo é único.

O primeiro Boulevar soviético, como Coia que nunca remata.

A Avda. Karl Marx, Good Bye Lenin, Good Bye Berlin, Good Bye ianquis.

Willkommen, Galicien!

Unha cidade, nesta si, onde ninguén é forasteiro.

É practicamente imposíbel chamar a atención.

Todo é normal, tolérase todo.

http://gl.wikipedia.org/wiki/Berl%C3%ADn_-_Berlin

49° 25' N, 08° 42' E

Heidelberg, a Compostela de Baden Wurttemberg

Descoñecida por moita xente deses países do sur, é a cidade con maior número de visitantes de Alemaña, despois de Berlín.

Como en Compostela, a Universidade faise presente en todos os momentos da vida.

A Universidade do século XIV, a mesma que recibiu a Martiño Lutero para defender as súas 95 teses en 1518, é unha das que conta (con permiso de Trier e Tübingen) con máis prestixio de toda Alemaña.

Unha cidade fermosísima que marca a fronteira entre os sitios onde se bebe bo viño e onde a cervexa pasa a un segundo lugar.

<http://pt.wikipedia.org/wiki/Heidelberg>